



PROGRAMA DE ACTIVIDADES EDUCOCIO OURENSE

Estimadas familias:

A Concellería de Educación ven de por en marcha o programa Educocio Ourense, que tivo a sua fase 0 na apertura de colexios en horario de tardes ata as nove da noite e sábados; e que neste mes de marzo verá a entrada en funcionamento da fase 1 ca realización dun programa de actividades dirixidas a todo o alumnado dos centros escolares.

Deste xeito, o alumnado de infantil, poderá apuntarse as denominadas **actividades lúdico-didácticas**, que consisten na realización, a través de monitores, de todo tipo de xogos, concursos, manualidades, papiroflexia, pintura, teatro, debates, psicomotricidade, etc.

Mentres o alumnado de primaria, poderá apuntarse a maiores, ás **actividades deportivas**, nas que poderán elixir por orden de preferencia entre os deportes: fútbol sala, baloncesto, balonmán e voleibol, realizándose logo a través de monitores, aqueles dous que mais demanda teñan en cada un dos centros, (non podendo estar federado en ningún dos que elixa).

Todas estas actividades, tanto as lúdico-didácticas como as deportivas, serán gratuítas, e levaranse a cabo un día a semana en cada centro, por espazo de dúas horas, inmediatamente despois das actividades extraescolares das Anpas, podendo ser de 16.00 h a 18.00 h, de 17.00 h a 19.00 h ou de 18.00 h a 20.00 h (segundo os horarios das extraescolares de cada centro).

Os horarios definitivos destas actividades serán expostos en cada centro, antes de que finalice o presente mes, podendo cada alumno/a ser derivado ao centro mais próximo no caso de que os horarios das actividades elixidas coincidan con outras actividades súas, ca intención de que ningún neno ou nena se quede sin realizar a actividade que desexa.

Igualmente si o deporte que desexa realizar algún neno/a non está entre os que o final se realizan no seu centro, poderá acudir a aquel colexio no que si se realice.

Desde a Concellería de Educación pomos a vosa disposición os seguintes teléfonos e correos electrónicos nos que aclarar todas as dúbidas que se vos presenten:

- **654274649- Julio**
- **988 388 145-Sara/Fina**
- educa.programas2@ourense.es

Esperando que o Programa Educocio Ourense e as actividades do mesmo, sexan do voso agrado, recibide un cordial saúdo.

Ourense, 13 de marzo do 2023

AS COORDINADORAS DO PROGRAMA

Sara Dacal Fdez/ Delfina Lage Fdez

